



003898 24.05.2010 13:50

No apartado 2.1.6 da convocatoria de matrícula do curso académico 2009/2010 regúlase a matrícula extraordinaria de fin de carreira, na que se establece que esta matrícula dá dereito a unha única convocatoria de exame, coincidente coa convocatoria de setembro. No anexo I fíxase un prazo para esta matrícula ata o 28 de xullo de 2010.

Por outra banda, no calendario académico do curso 2009/2010, aprobado por Consello de Goberno do 25 de marzo de 2009, dispónse, no apartado 7, que as titulacións non adaptadas ao EEES poderán acollerse ao calendario académico de Grao e Máster tras o acordo da Xunta do Centro e comunicación á Secretaría Xeral da Universidade. Nestas titulacións os exames da segunda convocatoria celébranse entre o 1 e o 15 de xullo de 2010.

Co fin de permitir que os alumnos destas titulacións poidan acollerse á matrícula extraordinaria fin de carreira, sempre que reúnan os requisitos regulados no apartado 2.1.6 da convocatoria de matrícula, procede modificar este apartado e o anexo I sobre os prazos desta matrícula.

Por este motivo, **ESTA REITORIA RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Modifícase o primeiro parágrafo do apartado 2.1.6 da convocatoria de matrícula do curso académico 2009/2010, que queda redactado nos seguintes termos:

*“Exclusivamente en titulacións de primeiro e segundo ciclo. Esta matrícula dá dereito a unha única convocatoria de exame, coincidente coa segunda convocatoria ordinaria, xullo ou setembro, segundo o calendario académico aprobado”*

**SEGUNDO.-** No apartado IX do anexo I de prazos da convocatoria de matrícula, engádese o seguinte texto:

*“Prazo de matrícula para as titulacións que se acolleron ao calendario académico de Grao e Máster: ata o 30 de xuño de 2010”.*

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2010

**O REITOR,**

Senén Barro Ameneiro

SRA. SECRETARIA XERAL - SR. VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR - SR. VICEXERENTE DA ÁREA ACADÉMICA - SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS - SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SRA. XEFA DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRES/AS, XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRES./AS RESPONSABLES DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS - SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS - SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN